

## MELLORA DAS APLICACIÓNS EN LIÑA DO CIAM DE RECOMENDACIÓN DE FERTILIZACIÓN CON XURROS (RAX) (FEADER AC2021C-07)

Introducíronse nas aplicacións RAX das seguintes melloras, que contribúen a un cálculo máis preciso das recomendacións de fertilización nos cultivos forraxeiros e, polo tanto, a reducir o uso de fertilizantes minerais e a contaminación:

- Introducción de cálculos/algoritmos da estimación do contido en nutrientes nos xurros de porcino a partir da densidade e/ou condutividade, e nos xurros de vacún a partir do tipo de dieta e da produción do leite. Así, segundo o anexo VII do Real decreto 1051/2022, as análíticas do xurro poden ser substituídas por cálculos ou algoritmos que estimen o seu contido en nutrientes e, en concreto, pola posibilidade de usar a condutividade.
- Introducción do modelo ALFAM, validado en Europa, para a cuantificación das perdas de nitróxeno amoniacal e para poder coñecer a mellora da eficiencia na utilización do nitróxeno que supón o uso de técnicas de aplicación do xurro de baixa emisión (incorporación, tubos colgantes ou inxección).
- Cuantificación da mineralización da materia orgánica do solo, que nos solos galegos presentan un contido moi alto, o que supón unha importante reserva de nutrientes e unha achega elevada de nitróxeno en períodos de altas temperaturas que favorecen a taxa de mineralización.
- Consideración no programa RAX de “Fertilización anual de pradeiras” da achega de nitróxeno en función da riqueza da pradeira en leguminosas, co fin de descontar nas recomendacións de fertilización o nitróxeno atmosférico fixado, así como diferenciación dos cálculos segundo o tipo de manexo (pastoreo, un ensilado ou dous ensilados), que teñen en conta a produción estimada en cada corte ou pastoreo.
- Axuste das extraccións en nitróxeno, fósforo e potasio en función da produción para a aplicación RAX de millo forraxeiro e posibilidade de elixir entre unha aplicación da fertilización en prementeira ou dúas aplicacións: unha en prementeira (nitróxeno, fósforo e potasio) e outra en cobertoira (nitróxeno mineral), o que permite achegar o nitróxeno mais acorde ás extraccións que realiza o cultivo ao longo do seu desenvolvemento.